

## AVALIACIÓN DE PROVEDORES

Estimado/a provedor/a,

A Fundación forGA ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e Medio Ambiente segundo a Norma **UNE-EN-ISO 9001:2015** e **UNE-EN-ISO 14001:2015**, que inclúe todos os requisitos necesarios para mellorar o noso servizo prestado ós clientes.

Entre as xestións que realizamos, damos gran importancia a selección e avaliación de provedores.

Informámoslle que os provedores que traballan con forGA, están clasificados segundo estes criterios:

- Histórico : provedores que traballan coa fundación desde antes do ano 2022.
- Exclusividade: provedores que subministran produtos pouco habituais no mercado.
- Eficiencia no servizo: provedores que fan un servizo áxil e eficaz.
- Calidade/prezo: provedores cuxo material é de mellor calidade/prezo en relación a outros de iguais condicións; e/ou que posúen sistemas de xestión da calidade na súa organización.
- Xestión ambiental: provedores que teñen implementadas prácticas, políticas e procedementos co obxectivo de reducir o seu impacto no medio ambiente.
- Responsabilidade Social Corporativa: provedores que teñen incorporadas prácticas e accións que inclúen obxectivos sociais, dereitos humanos, laborais, de respecto aos dereitos das persoas etc.

Unha vez aceptados como provedores, avaliase anualmente o servizo prestado polo provedor segundo as seguintes cualificacións:

- Inaceptable valor 1 punto
- Aceptable valor 2 puntos
- Bo valor 3 puntos
- Óptimo valor 4 puntos

Para ser homologados os provedores deberán ter unha puntuación maior ou igual o valor de 2 (Aceptable)

Todas as incidencias detectadas no servizo son rexistradas conforme ó procedemento **P-05.01**, polo tanto, un Provedor pode perder a súa condición por incumprimento de algún dos requisitos establecidos ou por cometer máis de **cinco non conformidades leves ou unha Non Conformidade de carácter grave** (dano económico para a Empresa, perda da imaxe ante os clientes, retrasos importantes na execución dos traballos... etc.) o que levaría a forGA a romper a relación comercial co mesmo.

Agradecemoslle a súa atención.

Un saúdo.



## **Requisitos para provedores:**

O provedor comprométese a:

- Cumprir co solicitado na cotización/pedido de compra aceptado.
- Cumprir a lexislación aplicable ao servizo que presta.
- Aplicar as medidas preventivas necesarias para evitar situacións perigosas ou de emerxencia durante a realización dos traballos encomendados e formar e informar ao seu persoal sobre os traballos a realizar nas nosas instalacións.
- Evitar a contaminación na medida do posible. Por exemplo, utilizar o correo electrónico para evitar o envío de documentación diversa en papel.
- Recoller e xestionar adecuadamente os residuos derivados da súa actividade. Para iso, deberá acreditar a súa entrega no destino autorizado.

## **Requisitos específicos:**

O provedor comprométese a aportar, de ser necesario, a seguinte documentación en relación ao servizo que presta:

Produto: Ficha técnica e de seguridade do produto e certificación de provedores segundo a UNE-EN-ISO 9001:2015, ou outras normas, se é o caso.

Infraestruturas e equipamentos: Manual de uso/mantemento, marcado CE e certificación de provedores segundo UNE-EN-ISO 9001:2015, ou outras normas, se é o caso.

Outro tipo de provedores (servizo de prevención externo, entre outros):  
Certificación segundo UNE-EN-ISO 9001:2015, ou outras normas, se é o caso.